

DACIÓN DE CONTA AO CONCELLO PLENO DOS
INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES
EXECUTADOS EN 2016

Sesión ordinaria de Pleno de febreiro de 2017



INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE A EXECUCIÓN DOS GASTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES APROBADOS E EXECUTADO DURANTE 2016

Dona Elena Santos Rey, Interventora do Concello de Xove, de conformidade co establecido na Disposición Adicional 16ª do RDL 2/2004, de 5 de marzo, introducida pola Disposición Final Primeira do Real Decreto-Lei 2/2014, de 21 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados nos dous primeiros meses de 2015 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica e a costa cantábrica, emite o seguinte informe,

PRIMEIRO. A Disposición Adicional 16ª ao RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, dispón, no seu apartado octavo que *"El interventor de la Corporación Local informará al Ministerio de Hacienda y Administraciones públicas de las inversiones ejecutadas en aplicación de lo previsto en esta disposición"*

SEGUNDO.- Asimesmo, a dita DA 16ª dispón que *"Anualmente, junto con la liquidación del Presupuesto, se dará cuenta al Pleno de la Corporación Local del grado de cumplimiento de los criterios previstos en los apartado anteriores y se hará público en su portal web"*.

TERCEIRO.- Os investimentos aprobados e executados que teñen o carácter de financeiramente sostibles segundo a dita Disposición Adicional, foron os seguintes:

1.- P 27/16 933.622 Remodelación integral do campo de fútbol de entreno municipal Expediente de Modificación de Créditos nº 10/2016 de Crédito extraordinario aprobado polo Concello Pleno na súa sesión de 30 de xuño de 2016, por importe de 360.000,00 euros.

O gasto executado a 31/12/2016 ascendeu a 216.602,94 euros.

O total gasto executado durante 2016 en investimentos financeiramente sostibles ascendeu a 216.602,94 euros.

CUARTO.- Polo que se refire ao grao de cumprimento dos criterios previstos na D.A. 16ª cabe sinalar o seguinte:

1.- O investimento realizouse en gastos do capítulo 6 e nos grupos de programa previstos na normativa.

2.- O investimento non se realizou íntegramente durante 2016. Non obstante, dispón a DA 16ª do RD 2/2004, de 5 de marzo, que *"En el supuesto de que un proyecto de inversión no pueda ejecutarse íntegramente en 2014, la parte restante del gasto comprometido en 2014 se podrá reconocer en el ejercicio 2015 financiándose con cargo al remanente de tesorería de 2014 que quedará afectado a ese fin por ese importe restante y la entidad local no podrá incurrir en déficit al final del ejercicio 2015"*. Esta medida foi prorrogada para 2016 pola DA 82ª da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2016.

3.- A vida útil do mesmo supera os cinco anos.

4.- O investimento realizado permitiu que a liquidación do exercicio 2016 acadara o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, tal e como se desprende do informe desta Interventora emitido no expediente da Liquidación de 2016.

En Xove, a 30 de xaneiro de 2.017

A Interventora,

Firmado digitalmente por ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE JOVE - CIF P2702500F - NOMBRE SANTOS REY MARIA ELENA - NIF 77594694P

Nombre de reconocimiento (DN): c=es, o=FNMT, ou=fnmt clase 2 ca, ou=703013701, cn=ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE JOVE - CIF P2702500F - NOMBRE SANTOS REY MARIA ELENA - NIF 77594694P

Fecha: 2017.01.30 17:00:10 +01'00'

Asdo. Elena Santos Rey



D. Luis M. Fernández del Olmo, Secretario do Concello de Xove (Lugo).

CERTIFICO: Que polo Pleno Municipal, en sesión celebrada o día 13 de febreiro de 2017 adoptouse entre outros o acordo que se transcribe literalmente:

4º) INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE OS INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES, EXECUTADOS NO EXERCICIO DE 2016. DAR CONTA.

Por Secretaría dáse conta do informe de Intervención do epígrafe.
O Concello Pleno dáse por enterado.

E para que así conste, expido e asino a presente coa salvedade do Art. 206 do Real Decreto 2568/1.986 de 28 de novembro co Vº e Pr. do Sr. Alcalde; en Xove, á catorce de febreiro de dous mil dezasete.

Vº e Pr.
O ALCALDE;

Asdo.- José Demetrio Salgueiro Rapa

